

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEP SABARÍS**

**CURSO: 5ºB**

**MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS**

**DATA: LUNS 11 DE MAIO DE 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	Busca información ( empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escritas directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
	Manifesta autonomía e responsabilidade na planificación e realización das accións e tarefas.
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características	Describe e define os elementos que compoñen o sistema solar.
	Identifica os planetas segundo a súa proximidade ao Sol.
Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios	Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixo de xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.
	Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo
Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel
Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo e as súas vertentes hidrográficas.

	Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos
Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material
	Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.
Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que determinan o clima en España	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.
Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.	Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.
Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade
Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible	Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.
Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta	Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español
	Identifica a organización territorial de España (Comunidades Autónomas, provincias e municipios) e as súas institucións.
	Describe os símbolos de España e da UE.
	Identifica e localiza os países membros da Unión Europea.
Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización.	Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.
Describir a organización territorial do Estado español así como os	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de

órganos de goberno.	goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades que forman España, así como as súas provincias
Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas	Valora, partindo da realidade do Estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.
Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación.	Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.
	Explica algúns dos principais conceptos demográficos (natalidade, mortalidade, esperanza de vida...).
Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española.	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país.
	Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc
Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Avaliación continua, global, formativa e de diagnóstico. Se avaliará as aprendizaxes e competencias imprescindibles desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre.</p>
	<p>Instrumentos: Valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual. Seguimento e valoración das actividades de repaso , reforzo e ampliación do terceiro trimestre. Traballos de investigación, actividades telemáticas e exercicios por escrito. Actividades globalizadoras e interdisciplinares. Probas escritas. Avaliar competencias. Rutinas de traballo e hábitos de estudo. Técnicas de estudo. Observación directa e indirecta. Comunicación coas familias e alumnado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Os criterios de cualificación atenderán aos seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Probas específicas orais e escritas ( 1ºe 2º trimestre). Aprendizaxes e competencias imprescindibles: 50%</li> <li>-Actividades de reforzo, repaso e recuperación:30 %</li> <li>- Integración na comunidade escolar, cumprimento de responsabilidades, rutinas de traballo e hábitos de estudo:10 %</li> <li>-Interese, participación e colaboración:10 %</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación continua e global.</li> <li>- Consecución das aprendizaxes e competencias imprescindibles.</li> <li>- Consecución dos obxectivos mínimos curriculares.</li> <li>- Seguimento e observación das actividades desenvolvidas.</li> <li>- Participación, colaboración e interese</li> <li>- Grao de cumprimento da temporalización establecida.</li> </ul>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Aprendizaxes e competencias imprescindibles: 50%</li> <li>-Actividades de reforzo, repaso e recuperación:30 %</li> <li>- Implicación activa, interese e esforzo: 20%</li> </ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Metodoloxía a distancia ( non presencial).</li><li>-Actividades globalizadoras e interdisciplinares de repaso e reforzo.</li><li>-Actividades de ampliación e profundización.</li><li>-Realización de traballos por escrito.</li><li>-Traballo por tarefas.</li><li>-Actividades interactivas online.</li><li>-Técnicas de estudo: resumo, esquema e subrayado.</li><li>-Modelo experimental.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Todo o alumnado está localizable e dispón de conexión dixital.</li><li>- Utilízase a paxina web do colexio para o envío e publicación das actividades de reforzo, repaso e consolidación das aprendizaxes imprescindibles.</li><li>-Espazo Abalar e correo electrónico para comunicación, envío e correccións das tarefas.</li></ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Libros de texto.</li><li>-Xornais dixitais.</li><li>-Actividades e xogos interactivos.</li><li>-Fichas, exercicios e tarefas por escrito e telemáticamente.</li><li>-Páxina web do colexio.</li><li>-Plataforma Abalar.</li><li>-Correo electrónico.</li></ul>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Información e comunicación as familias a través da paxina web do colexio e por correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.